

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín (presidente)
Bravo Bosch, María José (secretaria)
Barreiro Rodríguez, Covadonga
Cuevas Alonso, Miguel
Currás Valle, María Consuelo
López Escobar, Juan José
Escusan a súa asistencia:
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do luns, **07 de abril de 2025**, ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:15 h. en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **07 de abril de 2025** ás 09:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 13 de marzo de 2025.

O reitor, presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe a acta ao non haber correccións á mesma

Apróbase por asentimento.

2. Ratificación, se procede, do nomeamento dunha mesa única para a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Ratifícase o nomeamento da mesa única para a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, despois da análise da documentación enviada aos membros da Comisión electoral.

Apróbanse por asentimento.

3. Ratificación, se procede da nova data de celebración da votación de representantes de estudantes no consello de departamento na Escola de Enxeñaría Industrial.

Foi a proposta da Escola de Enxeñaría industrial, por mor dun festivo propio da Escola, polo que se celebraron as votacións o día 24 de marzo de 2025.

Apróbanse por asentimento.

4. Resolución, se procede, das reclamacións á proclamación provisional dos resultados e proclamación definitiva das persoas candidatas electas.

Non houbo reclamacións.

5. Outros asuntos de interese.

Non hai.

6. Quenda de Intervencións.

Non hai ningunha intervención.

O reitor agradece a presenza dos membros da Comisión, desexando unha boa semana de traballo.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 9:25 h., do que eu, como secretaria da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral